



ATHENA



RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE PUBLICAN AS LISTAXES DEFINITIVAS DE SOLICITUDES ADMITIDAS A TRÁMITE E EXCLUÍDAS DA CONVOCATORIA DE BOLSAS DESTINADAS A ESTUDANTES DE ENXEÑARÍAS PARA REALIZAR ESTADÍAS NO CURSO 2026-2027, NO CADRO DA PARTICIPACIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO NA REDE GE4 (GLOBAL EDUCATION: EXCHANGE FOR ENGINEERS AND ENTREPRENEURS)

O 25 de novembro de 2025 publicouse a convocatoria de bolsas destinadas a estudantes de enxeñarías para realizar estadias no curso 2026-27 no cadro da participación da Universidade de Vigo na rede GE4 (*Global Education: Exchange For Engineers And Entrepreneurs*).

Trala publicación das listaxes provisorias de solicitudes admitidas e excluídas, finalizado o prazo de presentación de enmendas e analizadas estas, esta reitoría

RESOLVE:

1. Publicar a listaxe definitiva de solicitudes admitidas a trámite no anexo I.
2. Publicar a listaxe definitiva de solicitudes excluídas a trámite no anexo II.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Internacionalización

M^a Isabel del Pozo Triviño

